5.- As Actas aprobaranse na sesión ordinaria seguinte da Xunta de Facultade, incorporando as modificacións que resulten aprobadas.

Artigo 22:

1.- Na Facultade levarase un Libro de Actas no que se transcribirán os acordos e debates habidos en cada sesión da Xunta de Facultade. O libro de Actas poderá ser de follas movibles. Neste Caso, deberá ter o primeiro folio en branco e os demais numerados correlativamente e pola orde cronolóxica que corresponda ás actas transcritas, ó mesmo tempo cada un deles será rubricado polo Decano/a, selada co carimbo do centro. Os espazos en branco deberán estar convenientemente anulados.

2.-Aprobada a acta, o Secretario/a faraa transcribir mecanográficamente por impresora de ordenador ou o medio mecánico que se empregue, sen emendas nin riscaduras ou salvando ó final as que involuntariamente se producisen, ás follas correlativas seguindo rigorosamente a súa orde e facendo constar, ó final de cada acta por dilixencia, o número e numeración de todos e cada un dos folios do papel numerado en que quedou estendida. Como garantía e seguridade de todas e cada unha das follas soltas, ata a encadernación, prohíbese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo anularse por dilixencia nos casos de erro na orde de transcripción ou no seu contido.

3.- O Libro de Actas estará baixo a custodia do Secretario/a da Facultade, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.

4.- Só farán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas de orde do Decano/a, polo Secretario/a da Facultade.

5.- As certificacións poderanse expedir:

a) De oficio, por requirimento dos órganos das Administracións

Públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou por órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia dos membros da Xunta de Facultade.

c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos, o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

SECCIÓN 2: DAS XUNTAS DE TITULACIÓN

Artigo 23:

Na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra constitúense unha Xunta de Titulación de Maxisterio e un Xunta de Titulación da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Mentres que non se acade a porcentaxe de persoal docente e investigador que determina a normativa da Universidade de Vigo para a constitución dunha Xunta de Titulación na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, funcionará un Consello de Titulación da Licenciatura en Ciencias da

Actividade Física e o Deporte.

COMPOSICIÓN E FUNCÍONS

Artigo 24:

1.- As Xuntas de Titulacións estarán compostas de forma análoga en proporcións

á Xunta de Centro:

a) O equipo Decanal ou Directivo

b) Tódolos docentes funcionarios pertencentes á Xunta de Facultade, que impartan a maior parte de docencia na Titulación. En caso de igualdade poderán optar. Constituirán alomenos o 51% da Xunta de Titulación.

c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá o 9% da Xunta de Titulación.

d) Unha representación dos estudantes da Titulación igual ó 30 % da composición total da Xunta de Titulación, dos que, de ser posible unha sexta parte serán estudantes de 3º ciclo.

e) Unha representación do persoal de administración e servizos igual ó 10% da composición total da Xunta de Titulación.

2.- O Consello de Titulación da Licenciatura estará composto por:

- a) Todo o profesorado a tempo completo.
- b) O 20% do profesorado a tempo parcial que alcanzará como máximo o 10% do Consello de Titulación.
- c) Unha representación do alumnado igual á da Xunta de Facultade.
- d) Unha representación do persoal de administración e servizos igual á da xunta de Facultade.

Artigo 25:

As Xuntas ou Consello de Titulación, de acordo co disposto no artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo teñen as seguintes competencias:

- a) Elaborar, aprobar e modificar para cada titulación as propostas do plan de estudos.
- b) Elixir ás Comisións de avaliación da Titulación.
- c) Terán, ademais, todas as competencias que lle atribúa a Xunta de Facultade de entre as súas propias.

Artigo 26:

As Xuntas de Titulación e/ou Consello de Titulación, funcionarán segundo o seu propio regulamento.

CAPÍTULO 2: DAS COMISIÓNS DELEGADAS

SECCIÓN 1: DA COMISIÓN DELEGADA PERMANENTE

Artigo 27:

A Comisión Delegada Permanente é un órgano ordinario de goberno da Xunta de Facultade, con capacidade decisoria nas competencias que lle sexan delegadas pola Xunta de Facultade. Así mesmo, gardará polo cumprimento das decisións da Xunta de Facultade.

Artigo 28:

1.- A Comisión Delegada Permanente é o órgano ordinario de goberno e administración da Facultade, e está composta por:

- a) O Decano, Vicedecanos e Secretario da Facultade.

- b) Seis membros electos en representación dos profesores.
- c) Cinco membros electos en representación dos estudantes.
- d) Dous membros electos en representación do Persoal de Administración e Servizos. Garantindo, de ser posible, a presenza de representantes de tódalas titulacións que se impartan no Centro.

Artigo 29:

Os membros da Comisión Delegada Permanente teñen que selo da Xunta de Facultade. Unha vez escoitada a proposta do Decano, se a houbese, a elección para ocupar os postos da comisión realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade.

Artigo 30:

Os membros da Comisión Delegada Permanente cesarán a pedimento propio, no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade, cesen no cargo académico que concede esta condición, ou se produza a elección dun novo Decano. No caso de baixa dalgún membro da Comisión Delegada Permanente, procederase á elección dentro do sector correspondente no máis breve prazo posible.

Artigo 31:

Por delegación da Xunta de Facultade, a Comisión Delegada Permanente exercerá as seguintes competencias:

- a) Formular os pedimentos do persoal necesario para levar a cabo a administración e os servizos do Centro.
- b) Formular as necesidades económicas e elaborar a distribución das asignacións orzamentarias da Facultade.
- c) Promover e ordenar a realización de proxectos fin de carreira, e de ensinantes e actividades complementarias esixidas para a obtención de títulos.
- d) Estudar e propoñer solucións ós conflitos que se poidan producir no seo do Centro.
- e) Organizar os servizos do Centro.
- f) Decidir sobre a conveniencia ou non de limitar o número de prazas para as distintas titulacións e, de ser o caso, determinar o dito límite.
- g) Solicitalle ó Decano a convocatoria da Xunta de Facultade.
- h) Determinar a inclusión de puntos concretos na Orde do día das sesións da Xunta de Facultade.
- i) Preparar e coordinar de xeito eficaz e adecuado o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especializacións, probas parciais e finais.

j) Habilitar medidas de control no cumprimento das obrigas docentes.

k) Coordinarse con outros Centros de cara á elaboración por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu currículo.

l) Resolver as propostas remitidas pola Comisión de Docencia e Validacións.

m) Resolver sobre os puntos da orde do día que por razón de non consecución do quórum na 2ª convocatoria da Xunta da Facultade sexan delegados na Comisión permanente (segundo o establecido no artigo 16, apartado 6 do presente regulamento).

n) Exercerá tamén aquelas outras competencias que, no seu momento, delegue nela a Xunta de Facultade.

Artigo 32:

1.-A Comisión Delegada Permanente reunirse como mínimo 1 vez ó trimestre en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario a iniciativa de:

a) O Decano/a

b) A Cuarta parte dos seus membros, como mínimo

2.-Para a válida constitución da Comisión será precisa a asistencia da maioría absoluta dos seus membros en 1ª convocatoria, e a asistencia dun terzo en 2ª convocatoria, que terá lugar media hora despois da inicialmente sinalada.

Artigo 33:

A convocatoria e orde do día da Comisión rexerese polo establecido nos artigos 15 e 16, referidos á Xunta de Facultade, sendo publicados no taboleiro correspondente.

Artigo 34:

1.- Os acordos da Comisión adoptaranse por asentimento a proposta do Decano/a, ou en votación por maioría simple dos presentes.

2.- Non poderán adoptarse acordos validamente se no momento da votación non estivesen presentes polo menos un terzo dos membros da Comisión.

3.- As votacións realizaranse segundo o procedemento establecido neste regulamento para a Xunta de Facultade.

Artigo 35:

1.-O Secretario da Comisión, que será o da Facultade, levantará acta de tódalas sesións.

2.- Para o contido das Actas, levanza a expedición de certificacións do libro de Actas da Comisión Delegada Permanente, observarase o que dispoñen os artigos 21 e 22.

As reunións da Comisión Delegada Permanente serán presididas polo Decano/a ou Vicedecano/a no que delegue, que á súa vez dirixirá e moderará os debates.

Artigo 36:

As sesións da Comisión Delegada Permanente poderá asistir calquera membro da Facultade que non pertenza á Xunta sen voz e sen voto, agás que se lle autorice no uso da palabra.

SECCIÓN 2. DAS COMISIÓNS ASESORAS: COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E VALIDACIÓNS, COMISIÓN ECONÓMICA E COMISIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Artigo 37:

1.- As Comisións Asesoras defínense como instancias para realizar tarefas de estudo, asesoramento ou proposta de solucións a temas concretos obxecto de consideración pola Xunta de Facultade, Xunta de Titulación ou Comisión Delegada Permanente.

2.- Pola súa propia natureza, as Comisións Asesoras non toman decisións, agás mandato expreso ou delegación da Xunta de Facultade, Xunta de Titulación ou da Comisión Delegada Permanente, informando dos seus traballos e resolución a esta última.

3.- As Comisións Asesoras poden ser Estables ou Conxunturais. As Comisións Estables responden a cometidos fixos; as Conxunturais constitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ó rematar estes.

4.- Na creación das Comisións Conxunturais deberá especificarse a súa finalidade, composición e normas de funcionamento.

Artigo 38:

1.- As Comisións serán presididas polo Decano/a ou calquera membro do equipo decanal en quen delegue, que dirixirá e moderará os debates.

2.- Os membros das Comisións teñen que selo da Xunta de Facultade. O Decano/a pode invitar a participar nelas, con voz e sen voto, a outros membros da Facultade.

3.- Así mesmo, cada sector poderá elixir membros suplentes en modo similar ós titulares, e actuarán en ausencia destes coas mesmas funcións e poderes.

4.- As reunións das Comisións terán que se celebrar nos locais da Facultade en días hábiles. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de 48 horas, e no caso de urxencia apreciada polo seu Presidente, de forma verbal.

5.- As convocatorias a alumnos realizadas fora do período de clases deberán ser enviadas ó domicilio particular.

Artigo 39:

1.- O funcionamento interno das Comisións Estables será determinado por elas mesmas, caso de non haber regulamento de instancias superiores.

2.- As Comisións Estables elixirán entre os seus membros un Secretario, que terá por función levantar acta sucinta das reunións da Comisión na que recolla os acordos adoptados, as opinións contrarias e o resultado das votacións.

3.- Na acta, que será exposta nun taboleiro habilitado a tal fin, deberá figurar unha relación dos membros presentes en cada votación.

Artigo 40:

1.-A Comisión Delegada de Organización Académica e Validacións estará constituída do xeito que sigue:

- a) O Vicedecano/a que o Decano/a designe, e que será quen a convoque e a presida.
- b) Catro membros elixidos representantes do sector do P.D.I. na Xunta de Facultade, elixidos polo sector.
- c) Dous membros representantes do sector do alumnado na Xunta de Facultade elixidos polo sector.
- d) Un membro representante do sector P.A.S. na Xunta de Facultade, elixido polo sector.

2.- Son funcións da devandita comisión:

- a) Informe á Comisión Delegada Permanente e á Xunta de Facultade sobre a planificación e desenvolvemento da actividade docente, cumprimento do profesorado, e os asuntos de organización de espazos físicos, calendarios, exames e outras cuestións relacionadas coas devanditas actividades.
- b) Coordinación con outros centros de cara a elaboración da oferta de libre configuración dos alumnos.
- c) Decisión sobre as solicitudes de ampliación do número de convocatorias, que establece a lei de permanencia na Universidade, presentadas polo alumnos.
- d) Proposición das resolucións que considere pertinentes en materia de validación para a súa remisión á Comisión Delegada Permanente.
- e) Todas aquelas outras que lle encomende a Xunta de Facultade

3.- Así mesmo, a Comisión de Organización Académica e Validacións, velará polo cumprimento efectivo do dereito a revisión de exame que establece o artigo 101 dos Estatutos de Universidade.

Artigo 41:

1.- A Comisión Económica, que será presidida polo Decano/a, terá a mesma composición da Comisión Delegada de Organización Académica e Validacións.

2.- Son funcións da Comisión Económica:

- a) Elaboración da proposta de distribución dos orzamentos, así como das modificacións que nos mesmos teñan que introducirse ó longo de exercicio económico.
- b) Estudio e elaboración de propostas de funcionamento dos diferentes servizos da Facultade.

c) Todas aquelas outras que lle encomende a Xunta de Facultade.

Artigo 42:

1.- A Comisión de Actividades Culturais e Deportivas, que será presidida polo Decano/a ou Vicedecano/a no que delegue, estará constituída por:

- a) Dous membros de P.D.I.
- b) Catro representantes do sector de Alumnado na Xunta de Facultade, elixidos polo sector.
- c) Un membro representante do sector P.A.S. na Xunta de Facultade, elixido polo sector.

2.- Son funcións da devandita comisión:

- a) Proposición e programación de actividades culturais de carácter xeral e recreativas.
- b) Coordinación da oferta de actividades culturais da Facultade.
- c) Xestión do orzamento do centro asignado as actividades Culturais, se o houbera, e solicitude en nome da Facultade de axudas para a realización das súas actividades así como a xestión das mesmas.

CAPÍTULO 3. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

SECCIÓN 1: DO DECANO/A

Artigo 43:

1.- O decano/a ostenta a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.

2.- O decano/a será elixido pola Xunta de Facultade, e nomeado polo Reitor/a, entre o profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos ao centro, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva. Transcorridos tres anos calquera persoa poderá volver a presentarse para o mesmo cargo.

3.- O Decano/a cesará nas súas funcións ó remate do seu mandato, a pedimento propio, perda das condicións necesarias para ser elixido ou polos procedementos de revogación establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos regulamentos que os desenvolvan.

Artigo 44:

1.- O Decano/a designará de entre todo os membros do Centro ó Vicedecano/a ou Vicedecanos/as, que serán nomeados polo Reitor/a.

2.- O Decano/a designará un Secretario/a de entre os profesores, axudantes e persoal de Administración e Servizos do Centro, que será nomeado polo Reitor/a

Artigo 45:

O Vicedecano/a ou Vice-decanos/as e o Secretario/a cesarán no seu cargo por finalización do seu mandato, por pedimento propio, perda das condicións necesarias para desempeñar o cargo ou por decisión do Reitor/a, a proposta do Decano/a.

FUNCIÓNS DO DECANO/A

Artigo 46:

O Decano/a do Centro, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión do Centro e ten as seguintes funcións:

- a) Exercicio da representación do centro.
- b) Convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade e das Xunta ou Consello de titulación.
- c) Execución dos acordos da Xunta de Facultade.
- d) Supervisión do funcionamento dos servizos do centro.
- e) Dirección da xestión ordinaria do centro.
- f) Proposición, oída a Xunta de Facultade, de apertura de informe previo por parte do reitor, a calquera membro do Centro. No caso de ser un profesor/a, a proposta dirixirase ó Departamento correspondente.
- g) Proposición ó Reitor/a o nomeamento e, de ser o caso, cesamento do Vicedecano/a ou Vicedecanos/as e do Secretario/a da Facultade.
- h) Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías, así como os horarios do resto do persoal da Facultade ó seu cargo.
- i) Dirección da política académica da Facultade.

j) Disposición dunha cantidade de xestión autónoma nos termos que establece o artigo 158 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

k) Elaborar a Memoria Anual sobre as actividades do Centro que incluírá como mínimo:

-Grao de cumprimento do plano de estudos.

-Resultado do proceso de admisión de estudantes.

-Valoración e análise dos resultados dos estudantes.

-Utilización da súa estrutura e proposta de necesidades.

-Análise da actividade docente dos departamentos na Facultade.

l) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente, os estatutos da Universidade e o presente Regulamento.

Artigo 47:

O Decano/a presentará anualmente unha memoria da súa xestión que será sometida a debate na Xunta de Facultade.

Artigo 48:

O Decano/a será substituído nas súas ausencias polo Vicedecano/a no que delegue.

ELECCIÓN DO DECANO/A

Artigo 49:

De conformidade co disposto nos artigos 50, 51, 52, 55, 56 e 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a presente normativa regulará a elección de Decano/as de Facultade.

Artigo 50:

Concluído o mandato electoral do Decano/a ou producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido, ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral correspondente para o cal o Reitor/a:

a) Confirmará ó Decano/a, en funcións, ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido.

b) Autorizará ó Decano/a en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de 15

días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais do Centro.

Artigo 51:

Serán elixibles como Decano/as os profesores doutores dos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo e pertencentes a Xunta de Centro.

Artigo 52:

Os elixibles obterán a condición de candidatos mediante a presentación no Rexistro do Centro, da correspondente solicitude onde, ademais dos seus datos persoais, sinalarán as persoas que ocuparán os cargos de Vicedecano/a.

Artigo 53:

O número de membros dos equipos directivos dos centros establecerase en función do número de estudantes como segue:

| | |
|---------------------------|------------------|
| de 1 a 500 estudantes | 1 vicedecano/a |
| de 501 a 1500 estudantes | 2 vicedecanos/as |
| de 1501 a 2500 estudantes | 3 vicedecanos/as |
| máis de 2500 estudantes | 4 vicedecanos/as |

Cando o centro teña máis titulacións que membros do equipo, se incrementará o número de vicedecanos/as de tal xeito que o número de membros do equipo directivo sexa igual ao número de titulacións. En ningún caso o equipo directivo terá máis de 6 membros.

INFORMACIÓN DA INSTITUCIÓN

Artigo 54:

Na Facultade haberá unha Xunta Electoral que fará a proclamación de candidatos e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral. A sede da Xunta Electoral será a Facultade de Ciencias de Educación de Pontevedra.

Artigo 55:

A Xunta Electoral do Centro estará integrada por:

- a) O Decano/a que a preside.
- b) O Secretario/a do Centro, que actuará como Secretario da mesma.

c) Un membro do PDI, do PAS e un/unha estudante designados por sorteo público así como os seus suplentes.

Artigo 56:

No caso de que o Decano/a en funcións sexa candidato/a, cesará na súa condición de residente da Xunta Electoral e será substituído polo profesor/a máis antigo segundo relación de corpos.

Artigo 57:

1.-A convocatoria de eleccións á que se refire esta normativa será feita pública, previa autorización, polo Decano/a en funcións.

2.- A convocatoria de eleccións conterá:

- a) Constitución da Xunta Electoral
- b) Exposición de censos provisionais.
- c) Prazo de reclamacións ós censos provisionais.
- d) Exposición de censos definitivos.
- e) Prazo de presentación de candidaturas.
- f) Data de proclamación provisional de candidatos.
- g) Prazo de presentación de reclamacións.
- h) Data de proclamación definitiva de candidatos.
- i) Data de votación.

3.- A convocatoria farase pública no Taboleiro Electoral do Centro.

Artigo 58:

1.- As solicitudes, ás que se refire o artigo 4º desta Normativa dirixiranse ó Presidente da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles.

2.- No día seguinte á finalización do prazo, ó que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo

de dous días hábiles, que serán resoltas no día hábil seguinte, coa publicación da relación definitiva de candidatos.

Artigo 59:

A Xunta de Facultade reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo decano ou director en funcións, quen outorgará un espazo de 15 minutos a cada un dos candidatos para que expoñan o seu programa e de seguido, noutros 15 minutos respondan ás preguntas que se lles formulen. No caso de que o decano/a sexa candidato/a, a xunta de centro será presidida polo profesor/a mais antigo segundo prelación de corpos. Rematadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.

Artigo 60:

Rematado o escrutinio, resultará elixido aquel dos candidato/as que obteña a maioría absoluta dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada a devandita maioría, celebrarase un

7. INFORMACIÓN DAS TITULACIÓNS

3. INFORMACIÓN DAS TITULACIÓNS

7.1 Procedemento e Requisitos de Admisión

7.1.1 Vías de Acceso

O acceso á Universidade pódese realizar dende os seguintes estudos ou condicións previas:

- Bacharelato
- Curso de Orientación Universitaria (COU)
- Bacharelato Experimental (REM)
- Formación Profesional de 2º grao (FP II)
- Módulo Profesional de Nivel III

- Formación Específica de Grao Superior
- Titulados Universitarios ou equivalentes
- Estudos Preuniversitarios de Sistemas Educativos
- Extranxeiros, previa homologación.
- Probas de acceso para maiores de 25 anos

Cada unha das vías ten un cupo de acceso e pode requirir, no seu caso, a superación das correspondentes probas de acceso:

7.1.1.1 Dende Bacharelato e COU

Selectividade do Bacharelato

1. Científico-Técnico (Matemáticas e Física).
2. Ciencias da saúde (Biología e Química).
3. Humanidades (Latín e Historia da Filosofía).
4. Ciencias Sociais (Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Xeografía).
5. Artes (Debuxo Artístico e Historia da Arte).

Selectividade de COU

1. Científico-Tecnolóxica.
2. Biosanitaria.
3. Ciencias Sociais.
4. Humanidades.

7.1.1.2 Dende a Formación Profesional

A Comisión do Distrito Único fixou como porcentaxes de reserva para esta vía de acceso un 30% das

prazas nas titulacións de só primeiro ciclo (Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico ou Mestre) e un 7% nas titulacións de primeiro e segundo ciclo (Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro).

7.1.1.3 Dende os Ciclos Formativos de Formación Profesional Específica de Grao Superior

Aqueles que superasen un Ciclo Formativo de Grao Superior poden concorrer nos cupos de F.P., podendo acceder a aquelas titulacións relacionadas con ditos ciclos formativos en aqueles centros e titulacións nos que obteñan praza mediante preinscrición.

1. Actividades físicas e deportivas.
2. Administración.
3. Comercio e mercadotecnia.
4. Informática.
5. Sanidade: anatomía patolóxica e citoloxía, dietética; documentación sanitaria; hixiene bucodental; imaxe para o diagnóstico; laboratorio de diagnóstico clínico; próteses dentais; radioterapia; saúde ambiental.
6. Sanidade: ortoprotésica.
7. Servizos socioculturais e á comunidade: animación sociocultural.
8. Servizos socioculturais e á comunidade: educación infantil; integración social.
9. Servizos socioculturais e á comunidade: interpretación da linguaxe de signos.

7.1.1.4 Dende a Formación Profesional de Segundo Grao

Quen posúa un título de Formación Profesional de 2º Grao, atenderanse en igualdade de condicións que quenes superasen o correspondente Ciclo Formativo de Formación Profesional Específica de Grao Superior, xa que a normativa vixente establece a equivalencia entre os estudos de FP de 2º Grao e os Ciclos Formativos de Grao Superior a efectos das ensinanzas universitarias ás que se ten acceso.

1. Administrativa e comercial: administración de empresas; administrativa; almacéns; comercial;

comercio exterior e transportes; contabilidade; entidades de aforro; informática empresarial, inmobiliario; mercadotecnia; programador de aplicacións de xestión; publicidade; relacións públicas, secretariado bilingüe de dirección; secretariado; secretariado executivo de dirección; secretariado bilingüe e comercial.

2. Sanitaria: anatomía patolóxica; dietética e nutrición; hixienista dental; laboratorio; medicina nuclear; prótese dental; radiodiagnóstico; radioterapia.

3. Sanitaria: educador de diminuídos psíquicos.

4. Servizos á comunidade: todas as especialidades.

7.1.1.5 Dende os Módulos Profesionais Experimentais de Nivel III

Os alumnos en posesión dun título dalgún Módulo Profesional de Nivel III, serán atendidos exactamente igual que os de Formación Profesional de Segundo Grao na rama correspondente á que esté adscrito o respectivo módulo profesional.

7.1.1.6 Dende Estudos Universitarios

Quen se atope en posesión de calquera dos distintos títulos universitarios españois, ou equivalentes, con validez en todo o territorio nacional, poderán cursar ensinanzas universitarias, tanto de grao coma de postgrao, naqueles centros e titulacións nos que obteñan a correspondente praza según o procedemento de preinscrición:

- Diplomado
- Arquitecto Técnico
- Enxeñeiro Técnico
- Licenciado
- Arquitecto
- Enxeñeiro

7.1.1.7 Acceso para Maiores de 25 anos

Pode acceder á Universidade por medio desta modalidade quen cumprira os 25 anos e quen cumpra dita idade antes do 1 de outubro do ano en que se presente a esta proba, sempre que careza dos requisitos necesarios previstos na lexislación vixente para o acceso ás posibles titulacións que desexe cursar. O R.D. 69/2000 establece unha reserva de prazas para quen desexe acceder ás ensinanzas universitarias e superase a citada proba.

7.2. Áreas Profesionais

| | |
|---------------------------|---|
| DOCENCIA | <input checked="" type="checkbox"/> Formación en centros educativos
<input checked="" type="checkbox"/> Docentes en centros penitenciais
<input checked="" type="checkbox"/> Docentes en hospitais
<input checked="" type="checkbox"/> Docentes en ONGs, fundacións, etc. |
| ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS | <input checked="" type="checkbox"/> Servizos educativos de soporte á escola: museos, concellos, campos de traballo, etc.
<input checked="" type="checkbox"/> Educación no tempo libre
<input checked="" type="checkbox"/> Intervención en programas de atención á Infancia
<input checked="" type="checkbox"/> Planificación, deseño e desenvolvemento de actividades extraescolares
<input checked="" type="checkbox"/> Planificación, deseño e desenvolvemento de actividades lúdico - festivas |
| ASESORÍA | <input checked="" type="checkbox"/> Asesoramento na planificación e deseño de xogos educativos
<input checked="" type="checkbox"/> Asesoramento na elaboración de materiais Didácticos |

3.2. Saídas Profesionais

| |
|----------------|
| Sector privado |
|----------------|

| | |
|--|---|
| ·
·
·
· | Colexios privados e concertados
Editoriais
Cooperativas de ensino
Campamentos de verán |
| Exercicio libre | |
| · | Actividades extraescolares |
| Investigación, Desenvolvemento e Innovación (+I+D+I) | |
| ·
·
· | Centros públicos e privados de I+D.
Centros de Investigación e Documentación Educativa (CIDE)
Centros de alto rendemento deportivo. |
| Docencia pública/privada | |
| ·
· | Non Universitaria (Infantil, Primaria, FPE, FPO,...)
Universitaria |
| Administración Pública | |
| ·
·
o
·
o
·
o | Unión Europea
Estatal
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
Autonómica
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Local
Concellos, mancomunidades, deputacións, etc. |

3.3. Perfil do Alumnado

7.4.1 Ingresado en Grao de Ed. Infantil

O estudante da titulación de Grao soe ter un perfil, por norma xeral, de carácter vocacional; trátase de persoas interesadas pola docencia en Educación Infantil. Neste caso, como é evidente, estaremos a falar de estudantes que teñen especial interés nos sistemas de ensino-aprendizaxe con nenos ata 6 anos ou cos de idades comprendidas entre os 6 e os 12. Sen embargo, co fin de coñecer o perfil real do ingresado elaborouse a enquisa que se presenta a continuación, na que se lle pregunta ó estudante de Grao sobre diferentes cuestións que axudan a comprender cales son as razóns reais polas que estudan esta carreira e algunha especialidade en concreto, que esperan aprender, etc.

7.4.1.1 Enquisa para os ingresados

Agradécemo-la túa colaboración nesta enquisa, que persegue coñecer cal é o perfil do alumnado que accede á titulación de Grao en Ed. Infantil. A información que aquí se recolla tratarase coa máxima confidencialidade.

No caso de preguntas con máis dunha resposta, escolle as 3 máis importantes.

-

DATOS DE CODIFICACIÓN:

-

Titulación: _____

Ano de nacemento : _____

Sexo:

Home 1. ?

Muller 2. ?

Estudos de procedencia:

Ciclo Medio 1. ?

Ciclo Superior 2. ?

Bacharelato 3. ?

Outros 4. ?

Traballaba antes de comenza -la carreira:

Si 1. ?

Non 2. ?

Lugar de procedencia : _____

| 1. Sobre a Carreira | |
|---|--|
| 1.1 ¿Que sabes da carreira que estudas? | <input type="checkbox"/> Moito
<input type="checkbox"/> Bastante
<input type="checkbox"/> Pouco
<input type="checkbox"/> Nada |
| 1.2 ¿Por que elixiches estudar esta carreira? | <input type="checkbox"/> Porque é a miña vocación
<input type="checkbox"/> Porque ten un amplo campo laboral
<input type="checkbox"/> Porque me influenciaron para elixila
<input type="checkbox"/> Non teño certeza, porque estou aínda moi desorientado
<input type="checkbox"/> Outros _____ |
| 1.3 ¿É o que realmente querías estudar? | <input type="checkbox"/> Si, é o que realmente quería estudar.
<input type="checkbox"/> Non, pero a miña puntuación en Selectividade non alcanzou para a carreira que prefería
<input type="checkbox"/> Non, pero non podo financia -la carreira da miña preferencia
<input type="checkbox"/> Non, por non haber prazas suficientes na carreira que quería
<input type="checkbox"/> Non, por outro motivo.(Indicar cal).....
.....
..... |
| 1.4 ¿Como te informaches da existencia desta carreira? | DA TITULACIÓN
<input type="checkbox"/> Polos folletos
<input type="checkbox"/> A través dos campus
<input type="checkbox"/> Polo orientador do meu instituto
<input type="checkbox"/> Grazas á Xornada de Portas Abertas
<input type="checkbox"/> Pola páxina web da Facultade
<input type="checkbox"/> Por influencia de amigos, familiares ou profesionais da carreira
<input type="checkbox"/> Por noticias que aparecen nos medios de comunicación
<input type="checkbox"/> Non tiña coñecemento previo da carreira |
| 1.5 ¿Realizas ou realizaches outros estudos universitarios? | <input type="checkbox"/> Si, antes de entrar nesta titulación
<input type="checkbox"/> Si, os compatibilizo con esta titulación
<input type="checkbox"/> Non |
| 2. Sobre a Universidade | |

| | |
|---|---|
| 2.1 ¿Por que elixiches esta universidade? | ?
? Polo seu prestixio
? Porque a carreira que me gusta só se imparte aquí
? Porque está preto de onde vivo
? Porque é unha universidade pública
? Pola facilidade de conseguir axudas (créditos, bolsas.)
? Por ter amigos, parentes ou coñecidos que estudaron nela
? Pola miña situación socioeconómica
? Outros _____ |
| 2.2 ¿Cando te preocupaches máis de informarte do proceso de ingreso na universidade? | ? Ó inicio do curso
? A mediados de curso
? A finais de curso |
| 2.3 ¿Como foi a túa chegada á Universidade? | ? Moi boa
? Aceptable
? Mala |
| 3. Sobre a Mención da Titulación | |
| 3.1. Coñeces a existencia de Mencions nesta titulación | ? Si
? Non |
| 3.2. A titulación de Grado de Ed. Infantil presenta 3 mención.¿ Cál estás interesado en cursar? | ? Profundización Curricular
? Ed. Física |

7.4.2 Egresado en Ed. Infantil

O Graduado en Ed. Infantil é un profesional que posúe unha formación dirixida á actividade docente nos primeiros niveis do sistema educativo, integrando unha formación xeral cunha formación específica no caso das mencións.

Está capacitado para contribuír ao desenvolvemento das habilidades e capacidades que favorecen a progresión persoal dos nenos e a orientación das prácticas de iniciación das materias que se imparten nestes niveis básicos do ensino. A eles lles corresponde ensinar a pensar e axudar a reconstruír criticamente os coñecementos e experiencias que adquiren os alumnos no seu día a día.

O obxectivo da titulación é o de formar futuros egresados na área das Ciencias da Educación en xeral, preparados para obte-lo máximo rendemento e proveito das oportunidades que atopen nos

ámbitos profesional e intelectual e que poidan adaptarse á sociedade global.

Preténdese que os egresados posúan fortes habilidades nos terreos da expresión oral e escrita, que teñan unha capacidade analítica e crítica e que posúan uns sólidos coñecementos teóricos adquiridos dende unha perspectiva interdisciplinar que lles permitan identificar, analizar e propoñer solucións ós problemas que atopen.

Estamos a falar duns profesionais que se enfrontan ás exixencias que hoxe lle plantea a sociedade, con contra modelos, cun mundo cargado de agresividade e, en moitos casos, bastante superficial. Por iso, necesítanse “educadores” que teñan capacidade de reflexión e de adaptación, independentemente da parcela que ocupen a nivel profesional (traballo en centros docentes, en campamentos, en museos, en concellos...).

7.4.2.1 Enquisa para os egresados

Agradécemo-la túa colaboración nesta enquisa, que persegue coñecer cal é o perfil do alumnado que remata os estudos nas titulacións de Grao en Ed. Infantil. A información que aquí se recolla tratarase coa máxima confidencialidade.

-

DATOS DE CODIFICACIÓN :

Titulación: _____

Ano de nacemento : _____

Sexo:

Home 1. ?

Muller 2. ?

Estudos de procedencia:

Ciclo Medio 1. ?

Ciclo Superior 2. ?

Bacharelato 3. ?

Outros 4. ?

Traballaba antes de comenza -la carreira:

Si 1. ?

Non 2. ?

Ano no que rematáche -la carreira: _____**Valora de 1 a 5 o grao en que estás de acordo cos seguintes ítems.**

| 1. Coñecementos básicos 1 2 3 4 5 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|----------|----------|----------|----------|
| 1.1 En xeral, os coñecementos adquiridos adecúanse ás funcións que se demandan no mundo laboral. | ? | ? | ? | ? |
| 1.2 Os coñecementos teóricos adquiridos facilitáronme unha boa base para a formación permanente | ? | ? | ? | ? |
| 1.3 As actividades prácticas desenvolvidas nos estudos reflicten a realidade dos principios e procedementos usados na profesión | ? | ? | ? | ? |
| 1.4 Os coñecementos adquiridos tiñan un adecuado equilibrio entre teoría e práctica | ? | ? | ? | ? |
| 1.5 Os coñecementos adquiridos servíronme para desenrolar competencias e asumir responsabilidades no traballo | ? | ? | ? | ? |
| 2. Valoración de coñecementos básicos. | ? | ? | ? | ? |
| 3. Habilidades desenvolvidas | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 3.1 En xeral, as habilidades desenvolvidas adecúanse ás funcións que se demandan no mundo laboral | ? | ? | ? | ? |
| 3.2 A habilidade desenvolvida para integrarme en equipos multidisciplinares foime moi útil | ? | ? | ? | ? |
| 3.3 A habilidade desenvolvida para comunicar de forma efectiva foime moi útil | ? | ? | ? | ? |
| 3.4 A habilidade desenvolvida para a organización, planificación do proceso de ensino e toma de decisión foime moi útil. | ? | ? | ? | ? |
| 4. Valoración de habilidades desenvolvidas | ? | ? | ? | ? |
| 5. Desenvolvemento profesional | ? | ? | ? | ? |

| | | | | | |
|--|-----------|----------|-----------|----------|----------|
| 5.1 Continúa estudos noutras titulacións Si Non | SI | | NO | | |
| | ? | | ? | | |
| 5.2 En caso afirmativo, indicar a titulación | | | | | |
| 5.3 No caso de traballar na actualidade, ten este relación coa súa profesión | SI | | NO | | |
| | ? | | ? | | |
| 5.4 En caso de estudar oposicións, indicar grupo | A | B | C | D | E |
| | ? | ? | ? | ? | ? |

8. INFORMACIÓN XERAL PARA OS ESTUDANTES

8. INFORMACIÓN XERAL PARA OS ESTUDANTES

8.1. Aloxamento

Residencia Concertada A Peregrina

No centro urbano da cidade, nas inmediacións das estacións de tren e autobuses. A Residencia dispón de cuartos individuais, dobres e triples, con baño completo e teléfono.

A residencia conta cos seguintes servizos comúns:

Cafetería

Comedor

Sala de TV

Sala de estudio

Sala de lectura

Sala de ordenadores

Sala de xogos

Lavandería

Enderezo: Avda. Eduardo Pondal, 76 (36003-Pontevedra)

Teléfono:986-850145 F a x : 986-858512

Email: peregrina@inicia.es

Residencia de Estudiantes Caixanova

Enderezo: Avda. de Vigo, 21

Teléfono:986 85 69 08 Fax: 986 86 30 31

Cafetería

Comedor

Sala de vídeo

Sala de estudo

Aula de informática

Sala de xogos
Salón de Actos
Lavandería
Ximnasio

8.2. Restauración

O Campus da Xunqueira oferta un bo servizo de comidas nas facultades de CC Sociais e Forestais, a un prezo medio de 4,40 €. Ademais existen outros sitios económicos e agradábeis onde poder xantar:

1) Bugs Bunny
Av Buenos Aires, 20
Prezo medio : 5,00€
Tlf: 986 865 651

3) Tio Gilito
Pr Ourense s/n
Prezo medio : 6,00 €
Tlf: 986 864 199

5) Oxemon
Santa Clara, 37
Prezo Medio: 6,00€
Tlf: 986 843 309 2) Bun Burgers
Peregrina, 40
Prezo medio : 5,00€
Tlf: 986 841 704

4) San Remo
Fray Juan Navarrete, 10
Prezo medio : 6,00€
Tlf: 986 856 092

6) Che Buenos Aires
Padre Fernando Olmedo, 2
Prezo Medio: 7,00€
Tlf: 986 102 885

8.3 Transporte

PONTEVEDRA
Autobuses:
Estación de Autobuses 986 85 24 08
986 85 25 30
Empresa Castromil 986 27 81 12 Vigo

Ferrocarril:
RENFE 986 85 13 13 Pza. Calvo Sotelo, s/n.

Información 902 24 02 02

Vialia 986 35 76 02

Servizos:

Tele-Rutas Estado das Estradas 986 85 67 50 Pontevedra

Xefatura de Tráfico 986 85 15 97 Joaquín Costa, 54

VIGO

Autobuses:

VITRASA (Autobuses Urbanos) 986 29 16 00 Estrada de Baiona, 36

Servizo de atención ó viaxeiro 986 20 74 74

Estación de Autobuses 986 37 34 11 Avda. de Madrid s/n

Autobuses Rías Baixas 986 85 92 89 Pontevedra

Autobuses Cuíña 986 84 05 91 Pontevedra

Autobuses Auto Industrial 988 22 05 08

988 22 05 37 Ourense

Ferrocarril:

RENFE 986 43 11 14 Praza da Estación s/n

Información 902 24 02 02

Paquete Express 986 43 60 29

Taxis:

Central RadioTaxi 986 47 00 00

Radio Taxi Servizo 986 27 28 29

Radio Taxi Vigo 986 25 27 00

Servizos:

Tele-Rutas Estado das Estradas 986 85 67 50 Pontevedra

Xefatura de Tráfico 986 85 15 97 Pontevedra

OURENSE

Autobuses:

Ourense de Transportes

(Autobuses Urbanos) 988 21 71 61

Estación de Autobuses 988 21 60 27

Ferrocarril:

RENFE 988 21 02 02 C/ Eulogio Gómez

Franqueira s/n

Información 902 24 02 02

Servizos:

Xefatura de Tráfico 988 23 43 11 Curros Enríquez 8-2

8.4. Seguros

8.4.1. Descrición

O seguro escolar, incluído entre os conceptos da matrícula, permite ao universitario/a contar ao longo do curso con asistencia gratuíta en caso de accidente en todos os hospitais e centros da rede sanitaria pública, así como en centros concertados.

8.4.2. Persoas protexidas

Están incluídos no campo de aplicación do seguro escolar todos os estudantes españois menores de 28 anos que cursen, en España, no noso caso, os seguintes estudos: estudos universitarios de grao medio, grao superior e de doutoramento, proxecto fin de carreira e os estudantes universitarios que realicen prácticas tuteladas en empresas do territorio nacional.

Quedan, así mesmo, incluídos no ámbito protector deste seguro, os estudantes nacionais dos estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, e, en xeral, todos os estudantes estranxeiros residentes nas mesmas condicións que os españois, sempre que cursen os citados estudos en España e ata idade de 28 anos.

8.4.3. Requisitos

- Ter menos de 28 anos, se ben o seguro escolar cubrirá todo o ano no que o estudante cumpra dita idade.
- Ser español/a ou estranxeiro/a que resida legalmente en España.
- Estar matriculado/a en España nalgún dos estudos citados no aparta do anterior.
- Ter abonado a cota correspondente do seguro escolar.

8.4.4. Prestacións

Accidente escolar: considérase accidente escolar toda lesión corporal que sufra o asegurado con ocasión de actividades directa ou indirectamente relacionadas coa súa condición de estudante, incluídas as deportivas, as asembleas, as viaxes de estudos, de prácticas ou de " fin de carreira" e semellantes, sempre que estas actividades fosen organizadas polos centros de ensinanza.

Infortunio familiar: é a situación sobrevida no fogar do estudante, que lle impide continuar os estudos xa iniciados e que pode estar ocasionada polo falecemento do cabeza de familia ou por ruína ou quebra familiar.

Enfermidade: asistencia médico-farmacéutica e hospitalización e indemnización en caso de falecemento.

8.4.5. Solicitudes

A solicitude de prestación pode presentarse en calquera das Axencias ou CAISS da Dirección Provincial do INSS no ámbito territorial onde o alumno/a realice os estudos ou no que residan él ou a súa familia.

Documentos que deben acompañar á solicitude

En tódolos casos:

o Documento Nacional de Identidade ou Libro de Familia.

o Se se trata de estranxeiros/as, pasaporte, carta de identidade, permiso ou tarxeta de residencia.

o Para os estudantes universitarios, resguardo do impreso de matrícula onde conste o curso, as materias e o abono da cota do seguro escolar.

o Resguardo do abono de cotas do seguro escolar do curso anterior, a efectos de xustificar a cotización dun ano, excepto no caso de accidente escolar, prestación e infortunio familiar por falecemento e tocoloxía (quedan exentos deste requisito os estudantes que, durante o ano académico anterior, realizasen estudos non incluídos no seguro escolar).

8.4.6. Seguro escolar para os estudantes que están a realizar o proxecto de fin de carreira Tamén teñen dereito, pero a duración é distinta xa que vai dende que se efectúa a matrícula do proxecto ata o momento da súa defensa. En ningún caso a cobertura excederá un período equivalente a un curso académico, e é obrigatorio o abono do seguro para tódolos alumnos/as que se matriculen no proxecto, agás os maiores de 28 anos.

8.4.7. A onde dirixirse en caso de accidente

A calquera hospital ou centro da rede sanitaria pública. Se se acude a un centro privado abónase primeiro o custo e logo devólvense os cartos ata un límite establecido. Por iso é conveniente ir a un centro público. Isto é válido para os tres campus: Vigo, Ourense e Pontevedra.

Campus de Vigo:

Centros da Seguridade Social a onde é posible dirixirse:

Complexo hospitalario Xeral Cíes. Rúa de Pizarro, 22.

Teléfono: 986 816016.

Hospital do Meixoeiro. Meixoeiro, s/n.

Teléfono: 986 811111.

Relación de centros concertados co I.N.S.S. a onde é posible dirixirse:

Sanatorio Concheiro. Avenida de Madrid, 4.

Teléfono: 986 413444 / 3244.

Sanatorio El Castro. Rúa Manuel Olivié, 11.

Teléfono: 986 411466.

Campus de Pontevedra:

Hospital de Montecelo. Mourente-Montecelo.

Teléfono: 986 800000/01.

Tamén podes ver a páxina web do seguro escolar en: www.seg-social.es

8.4.8. Seguro Escolar da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo, en colaboración cunha entidade aseguradora, ten contratado un seguro escolar voluntario para os universitarios/as. Este seguro consta de dúas partes:

? Primeira parte (gratuíta para o estudante): dálles cobertura a todos os estudantes da Universidade de Vigo, polo feito de facer a matrícula nun centro a universidade, sen máis trámites. Ten unha cobertura moito maior có seguro escolar obrigatorio e complementase con el.

? Segunda parte: esta é a parte voluntaria, xa que hai que facer unha pequena achega económica para subscribilo. Ao subscribir esta parte do seguro, increméntase moito a cobertura que ten e, polo tanto, aumenta a contía que se percibiría en caso de accidente e doutras axudas.

NOTA IMPORTANTE: a subscripción deste seguro voluntario é totalmente independentemente da obrigaón de subscribir o seguro escolar obrigatorio, xa que este é obrigatorio ata a idade de 28 anos.

8.5. Bolsas e subvencións

A continuación descríbense as bolsas, axudas e subvencións que se convocan de xeito habitual ano tras ano, distinguidas por organismos convocantes.

8.5.1 Xerais

8.5.1.1 Propias da universidade

Consultar sección de bolsa da web na dirección:

http://www.uvigo.es/servicios/bolsas_formacion.gl.htm

8.5.1.2 Xunta de Galicia

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

3 bolsas de colaboración nas actividades programadas pola UIMP no Campus de Pontevedra.

Alumnado matriculado no curso 2005/06 na U.

de Vigo en 1º, 2º ou 3º ciclo.

40 bolsas para árbitros das ligas e torneos

Universitarios organizados pola U. de Vigo nos campus de Pontevedra e Vigo Matricularse na U. de Vigo ou ben ser alumnos de 3º ciclo; non simultanear con calquera outra convocada polo Campus de Pontevedra e Servizo de Deportes

14 bolsas para colaboradores deportivos no ámbito dunha Facultade, Escola ou Centro dos campus de Pontevedra e Vigo Estar matriculado na U. de Vigo ou ben ser alumno de 3º ciclo. Non simultanear esta bolsa con calquera outra do Servizo de Deportes

57 bolsas para árbitros das ligas universitarias

organizadas pola Universidade de Vigo Ser alumno da U. de Vigo ou ben ser alumno de 3º ciclo. Non simultanear esta bolsa con calquera outra do

Servizo de Deportes

Convócanse prazas e bolsas de aloxamento para

estudantes nos distintos campus da Universidade de Vigo Destinadas ós estudantes da Univ. De Vigo que estean matriculados no curso.

Bolsas Comedor - Axudas financiamento gastos

indirectos Alumnos da Universidade de Vigo matriculados en 1º,2º ciclo ou PFC(proxecto de fin de carreira)

Convócanse prazas de colaboradores para residencias xuvenís dependentes da vicepresidencia da igualdade e benestar. Cursar estudos universitarios de 1º,2ºou 3ºciclo;ser español, membro da U.E. ou residente; 18 anos mínimo e máximo 30; non ter perdida a condición de colaborador; residente ou colaborador , etc.

Axudas a asociación de estudantes das

universidades galegas Asociacións de estudantes, que estean legalmente recoñecidas, das tres universidades galegas para

potenciar actividades de carácter formativo e científico que as mesmas organicen.

Anexo 1.- Axudas a estudantes das universidades galegas para a realización de viaxes culturais de carácter pedagóxico Alumnos matriculados no derradeiro ou no penúltimo curso dos seus estudos universitarios. Ter programada a realización como grupo dunha viaxe. Estar constituído o grupo, alomenos, por 10 estudantes

Bolsas para asistir a congresos ou similares e cursos de verán. Alumnos universitarios de segundo e terceiro ciclo ou recentemente titulado s no SUG

ANEXO III. Financiamento de viaxes para estudos nalgún membro da U.E. co obxecto de coñecer o idioma do país Estudiantes universitarios que estean matriculados no SUG ou nos centros asociados da UNED en Galicia. Ter superados 60 ou 120 créditos en diplomaturas ou licenciaturas, e estar matriculado

Estudiantes residentes en Galicia

estuden en universidades de fóra

de Galicia oficial en Galicia que cursen estudos presenciais de 1º e/ou 2º ciclo no curso 2005/06 nunha titulación que non se imparta ou impartira no momento de inicio dos estudos na C. A.

Bolsas de carácter especial para casos de necesidade urxente de recursos motivada por causas sobrevidas e non previstas Estudiantes galegos, descendentes de galegos, residentes en Galicia.

Cursar estudos universitarios 1º/2º ciclo. Xustificar que as condicións económicas actuais se deben a causas sobrevidas e non previstas

Bolsas residencia para galegos ou descendentes de galegos en liña directa, con residencia no territorio nacional fora de Galicia Para cursar estudos universitarios de 1º, 2º e 3º ciclo , en centros do SUG.

8.5.1.3 MEC

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Axudas a asociación xuvenil e a federacións e confeder. de estudantes no ámbito universitario, para financiar gastos derivados do desenvolvemento de actividades formativas, culturais e científicas. Asociacións xuvenil e federacións e confederacións de estudantes de ámbito nacional cuxo eido de actuación sexa a Universidade e a súa finalidade participar na vida universitaria.

Axudas para participar na actividade de recuperación e utilización educativa de pobos abandonados en Huesca (Búbal), Cáceres (Granada)e Guadalajara (Umbralexo). Alumnos en centros docentes españois que cursen: 3º ou 4º de ESO, Bacharelato, FP de grado medio ou superior, iniciación profesional, escolar taller ou alumnos universitarios.

Bolsas para estudos universitarios de 1º e 2º ciclo de mobilidade. Estudiantes das Universidades Españolas. Que cumpran os requisitos académicos e económicos establecidos na convocatoria, e estuden fóra da

comunidade autónoma de residencia

Bolsas para alumnos que vaian iniciar estudos universitarios Alumnos que inicien, por 1ª vez 1º ciclo de estudos universitarios conducentes ó título oficial de diplomado, licenciado, arquitecto, etc

Bolsas de estudos de carácter xeral para alumnos que cursen os seus estudos na súa comunidade autónoma Estudiantes das Universidades españolas. Que cumpran os requisitos da convocatoria, e estuden

na mesma comunidade autónoma na que residan

8.5.1.4 Outras

CONVOCA DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Universidade de Santiago 10 bolsas de axudas ó estudo "Nicolas Peña Martínez" Alumnos que se matriculen en estudos que teñan una proxección técnica que inflúa no nivel sanitario e nas condicións de vida dos cidadáns. Naturais de Vigo e bisbarra preferentemente.

Universidade Internacional Menéndez Pelayo Bolsa completa ou de matrícula para asistir a cursos ou seminarios da U.I.M.P. para alumnos que presente una brillante traxectoria académica. Estudiantes universitarios e

post-graduados que deberán presentar certificación académica persoal ou documentación acreditativa do grao de Doutor ou de estar cursando estudos de 3º ciclo; 2 fotos e DNI.

8.5.2 No Estranxeiro

8.5.2.1 Propias da universidade

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

EEUU a través do ISEP durante un semestre americano ou todo o ano

Estudantes da Universidade de Vigo nos segundos ciclos ou nun programa de doutoramento ou postgrao oficial. Estar en posesión do TOEFL.

Bolsas SÓCRATES - ERASMUS para o curso

2006-2007 Estar matriculado, como mínimo, en segundo curso de carreira durante o curso

2005/2006 e non ter sido beneficiario dunha bolsa Erasmus con anterioridade; coñecemento do idioma; non ter sido beneficiario

Bolsas para realizar estudos durante 1 semestre na Univ. Of Western Sidney (Australia) Estudantes da Facultade de Filoloxía e traducción do Campus de Vigo. Estar matriculados .Ter un bo nivel de lingua inglesa e estar en posesión do TOEFL

Bolsas de intercambio propias da U. Vigo coa

University of South Dakota (USA) Estudantes da Universidade de Vigo matriculados no curso 2004/05; bo nivel de lingua inglesa

8.5.2.2 Xunta de Galicia

8.5.2.3 MEC

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes (Sócrates-Erasmus) e Suíza Bolseiros Sócrates- Erasmus ou G. Suízo. Matrícula en universidades galegas ou centros asociados UNED en Galicia no 1º ou 1º e 2º ciclos, sen ter gozado anteriormente desta bolsa.

Anexo 1.-Financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da Unión Europea co obxectivo de coñecer a lingua dese país Matrícula no curso 2005/06 en calquera univ. galega, dun mínimo de 50 créditos ou dos que resten para rematar estudos de 1º, 2º ou 3º ciclo. Ter una nota media simple de 1 punto. Curso de idiomas, etc

Axudas do programa Sócrates da Unión Europea: Bolsas individuais para axudantías lingüísticas, Comenius 2.2.B Titulados, estudantes de Universidades galegas de

Filoloxía e Maxisterio. Ter cursado mínimo dous anos. Españois, europeos residentes en España. Non traballar como profesor. Non gozado de axudas Sócrates

Axudas do programa Sócrates da Unión Europea: Bolsas individuais para a formación do profesorado, Comenius 2.2.A Estudantes de Maxisterio, Ciencias de Educación, Psicoloxía ou CAP

Axudas do programa Sócrates da Unión Europea para a cooperación transnacional no ámbito da educación mediante a cooperación entre os Estados membros Estudantes de Maxisterio, Ciencias da Educación, (...)

Auxiliares de Conversación de Lingua Española para diferentes países europeos, Estados Unidos, Canadá e Nova Celandia Españois que non gozaran anteriormente dunha estancia como auxiliar de conversación na mesma lingua, licenciados e estudantes do último curso de Filoloxía, Tradución, Mestre... (segundo o país)...

1000 axudas para cursos de lingua inglesa, francesa ou alemana no estranxeiro durante o verán Alumnos bolseiros MECD/G.V. , que tiveran un mín. de 7 de nota media titulacións non técnicas, nas técnicas multiplícase por 1,25. Ter superado 40% da carga lectiva estudos universitarios

8.5.2.4 Outras

CONVOCA DESCRICIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Axencia Española de Cooperación Internacional Axudas de intercambio para estudantes de prepostgraao matriculados en universidades españolas para efectuar actividades en universidades estranxeiras Ser español ou membro da UE.

Estar matriculado no último curso da carreira ou estar realizando o 3º ciclo.Os alumnos de medicina poden ser do penúltimo curso.

Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria 2 bolsas para realización de estudos relacionados coa U.Europea no Colexio de Europa (Bruxas e Natolín) no curso Ser estudante galego: ter realizados os estudos nos últimos 5 anos ou estar cursando o derradeiro curso da carreira en Galicia/fóra de Galicia

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación Bolsas para realizar estudos no Colexio de Europa de Brujas(Béxica) e Natolín(Polonia) ata 10 meses Estudantes españois de menos de 30 anos do último curso de carreira de segundo ciclo e titulados superiores en áreas afíns ós programas ofertados

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación Bolsas TANDEM para Españois e Franceses de Xestión cultural en países iberoamericanos, cunha duración de 3 meses dende o 1 de Xullo de 2007 Menores de 30 anos, Titulados e estudantes dos dous últimos cursos de carreira, e áreas afíns (Historia, Historia do Arte, Arqueoloxía e Arquitectura ou Especialidades semellantes)

8.5.3 Para Fillos de Inmigrantes

CONVOCA DESCRICIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Fundación Pedro Barrié de la

Maza- Banco Pastor 20 Bolsas para estudos universitarios de 1º, 2º e 3º ciclo a realizar en centros das universidades galegas Fillos de emigrantes galegos no estranxeiro nados a partir do 73. Non iniciar estudos destinados a obter unha 2ª licenciatura ou diplomatura

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais Axudas correspondentes ós programas de actuación a favor dos emigrantes españois. Axudas para a promoción social dos emigrantes e das súas familias con economía non favorecida; estudos universitarios Emigrantes españois que acrediten una actividade laboral dun ano como mínimo, cónxuxe e fillos ou orfos, que teñan nacionalidade española e residencia no exterior.

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais Axudas correspondentes ós programas de actuación a favor dos emigrantes españois. Axudas de promoción educativa, cultura e social (Bolsas Reina Sofía para

Estudos universitarios) Emigrantes españois que acrediten una actividade laboral

dun ano como mínimo, cónxuge e fillos ou orfos, que teñan nacionalidade española e residencia no exterior. Tamén hai de renovación XUNTA de Galicia Consellería de Educación e Consellería de Emigración Bolsas para a realización de estudos Universitarios de 1º, 2º e 3º ciclo, no curso 2005-2006 destinadas ós galegos e ós seus descendentes Ser galego, fillo ou neto de galego; que os pais ou titores legais carezan de medios económicos; con residencia familiar fixada no estranxeiro; e desexa cursar estudos de 1º, 2º e 3º ciclo no SUG

8.5.4. Proxecto Fin de Carreira

CONVOCA DESCRICION DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Universidade de Vigo

U. de Vigo en convenio coa Consellería de Educación e O. Universitaria da Xunta, co obxecto de que a lingua galega sexa de uso normal na redacción e defensa de teses e de proxectos Estudantes que realicen a redacción e defensa da Tese de Doutoramento, Tese de Licenciatura ou Proxecto Fin de carreira en lingua galega durante o ano.

8.5.5. Investigación

8.5.5.1 Propias da Universidade

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Catro bolsas de colaboración na Área de Innovación Académica da Universidade de Vigo Licenciados e estudantes de Filoloxía Galega ou Hispánica; Ciencias da Educación; Belas Artes; e Telecomunicacións e Informática

24 bolsas para colaboradores de Facultade ou Escola coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Estudantes e a Vicerreitoría de

Planificac. e Desenvolv. do Campus de Ourense Estudantes da U. de Vigo matriculados no curso, no 1º, 2º ou 3º ciclo. Preferencia os que non gocen doutra bolsa de colaboración. Os de 1º e 2º ciclo só poderán colaborar no centro da matrícula

Bolsas de colaboración na realización das enquisas de avaliación docente Estudantes da U. de Vigo seleccionados: 1) nota media máis alta; 2) no caso de empate o que fose bolseiro o ano pasado ou precedentes (colaboración axeitada); se persiste o empate outros criterios

6 bolsas para a formación complementaria dos

estudantes da U. Vigo nos sistemas informáticos e 4 para a aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións. No campus de Pontevedra. Alumnos da Universidade de Vigo que estean matriculados na mesma, no proxecto fin de carreira ou tese de licenciatura

1 Bolsa de Colaboración a tempo completo para titulados e estudantes na área de coordinación do campus de Pontevedra Titulados e estudantes da U.Vigo que teñan os coñecementos precisos que lles permitan colaborar activamente no desenvolvemento de aplicacións para dita implantación.

5 bolsas para a formación complementaria dos

alumnos da U. Vigo na aplicación das tecnoloxías da comunicación e información Estudantes da Universidade de Vigo que estean matriculados nalgún curso, tese de licenciatura, ou proxecto fin de carreira

2 bolsas para colaboradores na sala de exposicións d a Facultade de Belas Artes de

Pontevedra Estudantes de Belas Artes; coñecementos básicos de equipos electrónicos e informáticos; Terán preferencia os que non gocen doutra bolsa de colaboración

9 bolsas para a formación complementaria dos/as alumnos/as da Universidade de Vigo nos sistemas informáticos Estudantes da U. Vigo que estean matriculados na mesma, realizando o proxecto ou a

tese de licenciatura, e atendendo a criterios académicos en función das materias superadas e relevantes ó perfil

Colaborar con este Vicerreitorado no desenvolvemento e difusión das actividades no eido da cultura, voluntariado. Estar matriculado na U. Vigo no curso 2003/04.

Non simultanear o gozo desta bolsa con calquera outra bolsa de colaboración

8.5.5.2 Xunta de Galicia

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Bolsas de colaboración nos departamentos das Universidades do Sistema Universitario de Galicia

Alumnos do último curso de ensinanzas universitarias que estean matriculados na mesma, no proxecto fin de carreira ou tese de licenciatura

8.5.5.3 MEC

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

64 bolsas de colaboración cos departamentos para a Universidade de Vigo no curso Matriculados nas últimas materias/cdts. Para rematar a tit. Todo 1º ciclo aprobado e o 45% ou o 1º curso (1º e 2º se máis de 2 cursos) do 2º ciclo. Proxecto colab. avalado por Consello Dpto. Bo expdte.

V certame universitario "Arquímedes" de introdución á investigación científica Os estudantes que se atopen cursando ou teñan finalizado estudos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto (superior ou técnicos) ou diplomado, nalgún centro das universidades españolas

8.5.5.4 Outras

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

1 bolsa de carácter especial denominada beca de colaboración cos departamentos para a Universidade de Vigo Alumnos último curso 2º ciclo con proxecto de colaboración avalado poolo Dpto., ter superado o 48 / 63,5 % ensinanzas renovadas ou 1º/os dous primeiros cursos de ensinanzas non renovadas. Estar matriculado todas materias para rematar

100 bolsas para a introdución á investigación en centros e institutos propios ou mixtos do CSIC.

Para alumnos de PENÚLTIMO curso

de carreira Alumnos de Fac. ou ETS que teñan superado 1º ciclo, matrícula 50 créditos do 2º ciclo, nota media superior a 1,5 en ETS e 2 para Fac, e non padecer enfermidade que impida o desenvolvemento da bolsa.

150 bolsas para a introdución á investigación en centros do CSIC, para alumnos de grado superior que estén no ÚLTIMO curso co 1º ciclo superado e 50 créditos do 2º e matriculados de todo.

Alumnos de FAC ou ETS sen materias pendentes e materias nas últimas para rematar. Nota media igual ou superior a 1,5 (alumnos de ETS) e de 2 para o resto; e non estar incapacitado para desenvolver a bolsa.

8.5.6 Posgrao

8.5.6.1 Propias da Universidade

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Axudas para favorecer a mobilidade de estudantes de másters oficiais, no curso

2006-2007 Alumnos matriculados nos másters oficiais e con

actividade docente en outra provincia.

8.5.6.2 MEC

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

Convoca 2000 bolsas para cursar estudos de másters oficiais no curso

Estudantes das Universidades españolas que cumpran os requisitos económicos, se matriculen de 60 créditos e teñan unha nota media mínima de 7, na carreira (multiplicada por 1,17 para as técnicas)

8.5.6.3 Consellería de Ordenación Universitaria

DESCRIPCIÓN DA CONVOCATORIA SOLICITANTES

25 axudas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster. Duración 1 ano

Titulados con 180 créditos ECTS cursados ou estudantes con 3 anos de estudo e mínimo de 180 cdtos superados (comprenderán toda a troncalidade do 1º ciclo). Nota media = ou > 1,5 (Técnicas = ou > 1), etc.

8.6. Asociacións

Acción Solidaria de Estudantes (A.S.E.S.)

Rúa de Penis, 36, 36215 Cabral-Vigo

Asociación de Actividades Familiares y Culturais

r/Pi y Margall, 72, 2ºE, 36202 Vigo

Asociación Cultural de Inxeñería Técnica (A.C.I.T.)

E.U.E.T.Industrial, r/Torrecedeira, 86, Vigo

Asociación de Estudantes Europeos (A.E.G.E.E.)

Plaza Independencia, 1, 1ºA, 36211 Vigo

Asociación Grupo de Teatro "Xerigonza"

E.T.S.E.Telecomunicación, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Asociación para Intercambio Internacional de Estudantes (A.P.I.I.E.Q.)

Facultade de Ciencias, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Asociación de P.A.S. da Universidade de Vigo

E.U.E.T.Forestal, Pontevedra

Asociación Progresista Independiente

r/Camiño do Cruceiro, nº16, 36213 Vigo

Asociación Taller de Música de Peritos

E.U.E.T.Industrial, r/Torrecedeira, 86, Vigo

Asociación de Teatro de Peritos

E.U.E.T.Industrial, r/Torrecedeira, 86, Vigo

Asociación Xuvenil Aficionados á Informática (INFOMAT)

E.T.S.E.Telecomunicación, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Asociación Xuvenil Convergencia Universitaria Viguesa (A.X.C.U.V.)
Facultade de Dereito, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Asociación Xuvenil universitaria de Estudos Sociais (A.X.U.E.S.)
Apartado de Correos 599, Vigo

Clube Deportivo Telecomunicacións
E.T.S.E.Telecomunicación, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Clube Universitario de Deportes Aéreos
E.U.E.T.Industrial, r/Torrecedeira, 86, Vigo

Comités Abertos de Facultade (C.A.F.)
Facultade de CC.EE., Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Comité Universitario de Solidaridade con Cuba (C.U.S.C)
Facultade de Ciencias, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Fundación Axuda a la Infancia (F.U.N.D.A.I.)
r/Sagunto 54, 1º, 36205 Vigo

Grupos Bíblicos Universitarios (G.B.U.)
Edificio Miralles, local 5, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Grupo Ecoloxista dos universitarios de Vigo (G.A.B.I.T.A.)
Facultade de Ciencias, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

Organización universitarios superiores (A.U.T.S.)
r/García Barbón, 39, 6º, 36201 Vigo

Solidarios para o desenrolo
E.T.S.E.Industriais, Campus universitario Lagoas Marcosende, Vigo

8.7. Teléfonos de Interese

8.7.1 Seguridade Cidadá

Bombeiros:
986 87 22 20 / 986 43 41 33
Emerxencias:
112

Garda Civil:
981 16 78 00

Gardia Civil (Emerxencias):
062

Gardia Civil de Tráfico:
986 80 43 25

Policía Autonómica:
986 85 13 68

Policía Local:
986 85 19 72

Protección Civil:
986 86 30 36 / 981 22 01 02

8.7.2 Sanidade

Ambulancias:
986 85 08 23

Centro de Transfusións de Galicia:
981 59 44 22

Cruz Vermella:
1003 / 986 85 20 77

Hospital Provincial:
986 85 55 00

Información Toxicolóxica:
91 562 04 20

Urxencias:
061

8.7.3 Outros

Alcohólicos Rehabilitados:
986 84 13 30

Asociación Española Contra o Cancro:
900 10 00 36

Axuda ó menor, S.O.S. Galicia:
900 44 42 22

Cancelación de Tarxetas Bancarias: American Express:
91 572 03 03

Cancelación de Tarxetas Bancarias: 4B:
91 362 62 00

Cancelación Tarxeta: VISA:

91 519 60 00

Concello

986 80 43 00

Consumidor:

981 54 45 12

Deputación Provincial:

986 84 73 19

D.N.I. e Pasaporte:

986 85 24 08

Información sobre Drogodependencias:

986 86 54 03

Información sobre o VIH:

900 11 10 00

Inerso:

900 21 11 12

Xunta de Galicia:

986 80 54 15

Xulgados:

986 86 28 46

Mulleres maltratadas:

902 19 71 97

Persoas Discapacitadas:

986 86 55 38

Rexistro Civil:

986 83 30 18

Repsol Butano:

900 50 60 70

8.8. Infraestruturas

Antes de comezar cómpre dicir que a falta de datos máis obxectivos, á hora de comentar opinións nos baseamos no sentir xeral dos usuarios deste edificio, manifestado en conversas informais e suxestións presentadas polos usuarios.

No edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte impártense:

a) Grao en Educación Infantil

- b) Grao en Educación Primaria
- c) Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

O edificio estruturase en tres plantas:

- Planta baixa. Se accede ó edificio a través dun longo pórtico cuberto dende unha pasarela que transcorre pola zona axardinada que rodea a edificación. Un amplo e luminoso hall serve de distribuidor ás distintas dependencias existentes nesta planta. Na parte esquerda do mesmo atópase por unha banda a zona de laboratorios e aulas de informática e por la outra se integra unha pista de atletismo, anexa a ela, un corredor dá acceso a un ximnasio, tatami, pavillón e unha zona de aseos. Á súa dereita, un corredor que discorre a carón da parede óeste do edificio, constituída por uns paneis transparentes despregables deseñados para o acondicionamento térmico, dá acceso a unha zona de aulas. Na zona máis próxima á entrada atópanse a conserxería e as dependencias de administración. Na súa parte central este hall dispón de dous tablóns de anuncios móbiles, dúas máquinas expendedoras de bebidas quentes e frías e produtos comestibles variados, casilleiros para o profesorado e unha fotocopiadora de servizo público que funciona por procedemento de tarxeta.

- Na primeira e segunda planta, a distribución é moi similar: a man dereita a mencionada parede acristalada con paneis despregables para o acondicionamento térmico e varias aulas para a docencia e na parte esquerda e central (tamén con cristaleira) se sitúan os despachos do profesorado así coma a zona de laboratorios e aula de graos. Nos corredores da parte central o alumnado dispón de mesas e cadeiras para traballar. En ambas plantas hai unha fotocopiadora para o persoal docente e investigador, que funciona mediante un código e na primeira planta hai tamén máquinas expendedoras de produtos e dous tablóns móbiles, igual que na planta baixa.

- Tódalas plantas teñen aseos masculinos e femininos e ademais na planta baixa, ó lado dos espazos deportivos hai aseos para o alumnado, adaptados a minusválidos, e para o persoal docente, así como taquillas para o alumnado (o profesorado dispón de taquillas na súa dependencia).

O edificio dispón de elevador e de escaleiras tanto pola parte central do hall como pola parte traseira da esquerda, nos espazos deportivos.

En tódalas dependencias existen papeleiras e en cada planta hai un contedor para a reciclaxe de papel.

8.8.1 Aulas

A actual Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte consta de 12 aulas; 4 teñen capacidade para 80 persoas, 2 para 120 e 6 para 56.

Se falamos de equipamento, habemos de dicir, respecto ó aulario, que existen dous tipos de espazos nos que se imparte docencia: a maioría das clases teñen cadeiras individuais "de pala" fronte ás aulas de "gradas" ou "mesas corridas" que son só 3 (2 para 120 persoas e 1 de 56).

En cada aula hai unha dotación tipo consistente nunha pizarra branca, retroproxector, multiprojector fixado no teito, ordenador (este material xestionado polo PAS), mesa para o profesor, equipo de reprodución de música (o equipamento audiovisual está integrado nun armario RAC (Recursos e Actividades Docentes); neste equipamento incluírase nun futuro próximo un reprodutor de vídeo para posibilita-la proxección directa do material)... por tanto, pódese considerar que existe un equipamento suficiente para facilita-las labores docentes.

O aula 6, polas súas dimensións, ten un carácter multifuncional e entre outras actividades nela realízanse as reunións de centro. Na Diplomatura a ocupación horaria é de 9 a 18 horas, xa que non se imparte docencia máis tarde desta hora.

Temos que mencionar outro tipo de aulas, con características "especiais", como son o Ximnasio (cuxas dimensións son de 15x25) e o Tatami (de 15x20); ambas están dotadas de equipamento material docente específico que se renova cada ano, existindo un espazo de almacenaxe para capacidades variables. Non debemos de esquecernos da zona de laboratorios de nova construción entre os que destacamos os laboratorios de ciencias naturais, fisioloxía e biomecánica, artes plásticas, e laboratorio de novas tecnoloxías, laboratorios imprescindibles para una docencia de calidade no marco do E.E.E.S.

Ademais hai que engadi-la existencia de equipos de música que están a disposición do profesorado para as súas clases. Empréganse ademais 3 aulas en edificios anexos, concretamente en E..T. de Forestais.

8.8.2 Espazos de traballo

Os seminarios 1 e 2, situados na primeira e segunda planta respectivamente, están pensados para albergar a unhas 15 persoas aproximadamente.

Presentan unha mesa de reunións, dous armarios, un retroproyector, un magnetoscopio, un monitor de TV; ademais, o seminario 2 posúe un atril.

O seminario 3, situado na segunda planta, utilizado tamén como aula de informática e consta de 27 ordenadores.

O Seminario 4, situado na segunda planta, e destinado ó traballo de becarios; está dotado de catro mesas, un armario, tres ordenadores, un escáner e unha impresora.

A Delegación de alumnos, situada na primeira planta, ten dúas mesas de traballo, dous armarios, cadeiras, unha mesa de ordenador, un ordenador e una impresora multifuncional.

O profesorado conta con despachos, nalgúns casos individuais (53) e noutros de dous ou tres persoas (16), cun material tipo consistente en mesa, cadeira, ordenador, teléfono e armarios para desenrola-los seus labores.

A Conserxería está dotada de dous ordenadores, armarios de distinta índole, mostrador e unha mesa.

Dispónse tamén de instalacións como o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) e a instalación do Instituto Municipal de Deportes (IMD), instalación que se usan tras convenios firmados.

8.8.3 Laboratorios, talleres e espazos experimentais

Os laboratorios teñen unha capacidade para 50 persoas e os grupos son de 25. O espazo e o equipamento dos mesmos se adecúan ó número de alumnos e ás actividades programadas no desenrolo do programa formativo.

Existe un laboratorio de montaxe de vídeo, con sete postos de traballo consistentes nun ordenador cun programa de edición dixital. Así mesmo existe material para montaxe de audio, mesa de mestura e un sistema de edición de vídeo analóxico.

Os laboratorios de nova construción teñen una capacidade para 25 alumnos e son orientados a docencia de: fisioloxía e biomecánica, de ciencias naturais, de plástica, de novas tecnoloxías e de

informática.

8.8.4 Biblioteca e fondos documentais

Non hai biblioteca específica pero si Biblioteca Central do Campus, situada a 100 m da Facultade. A calidade, cantidade e accesibilidade da información/fondos da biblioteca adecúase ós requirimentos do programa formativo. O público pode acceder ás fontes sen realizar ningún tipo de solicitude; a solicitude do préstamo se realiza a posteriori.

8.8.5 Planos do Edificio

Amósanse de seguido tres planos do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e as súas dependencias; o primeiro se corresponde coa planta baixa, o segundo coa primeira e o terceiro coa segunda planta.

8.8.5.1 Plano da planta baixa

4.8.5.2 Plano da planta primeira

I

4.8.5.3 Plano da planta segunda

8.9. Programas de mobilidade

8.9.1 Sócrates-Erasmus

8.9.1.1 ¿Que é?

Sócrates é o programa da Unión Europea para a cooperación no ámbito da educación. Foi aprobado o 14 de marzo de 1995. Sócrates financia oito accións. A segunda delas é a denominada Erasmus, adicada ó ensino superior. Erasmus financia, entre outras actividades, a mobilidade de estudantes entre universidades europeas participantes no programa.

8.9.1.2 Mobilidade de estudantes (OMS)

Os estudantes que inicien un programa de estudos nunha universidade asociada poderán ser recoñecidos como estudantes Erasmus sempre que reúnan as seguintes condicións:

Deberán ser cidadáns dos quince países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega e en

reserva dos acordos correspondentes: Bulgaria, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Rumanía, Eslovaquia, Eslovenia, Chipre, Malta e Turquía.

Ter completado o primeiro ano de estudos universitarios.

Deberán estar matriculados na Universidade de Vigo durante o curso no que gocen da bolsa.

O período de estudos cursado no centro asociado non pode ser inferior a tres meses nin superior a un ano.

O período de estudos no estranxeiro debe constituír unha parte integrante do programa de estudos do centro de orixe.

O período de estudos no estranxeiro deberá obter recoñecemento académico.

As universidades asociadas e cada estudante individualmente deberán concertar programa de estudos antes de que o estudante viaxe ó estranxeiro. O estudante deberá ser informado por escrito sobre o contido do acordo. Ó final do período de estudio no estranxeiro a universidade de acollida deberá entregar ó estudante e á universidade que o enviou un certificado no que confirme que seguiu o programa de estudos convido, así como unha relación dos resultados obtidos.

Non deberán pagarse taxas académicas no centro de acollida. O centro de orixe poderá continuar percibindo as taxas académicas dos estudantes que se despracen ó estranxeiro.

8.9.1.3 ¿Como solicitar unha bolsa Erasmus?

A convocatoria para solicita-las bolsas Erasmus na Universidade de Vigo faise pública no mes de febreiro para gozar da bolsa durante o curso seguinte. Deste xeito, selecciónanse ós estudantes e comunícaselles ás universidades de destino o nome destes estudantes con tempo suficiente para que reciban a información necesaria (programa de estudos, aloxamento, etc.). O número de prazas varía cada ano e é diferente en cada centro, polo que se deberá consulta-lo listado de prazas que oferta o centro no que se estea matriculado. A selección realizarase en cada centro.

8.9.1.4 Destinos Erasmus da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

A Facultade de Ciencias de la Educación e do Deporte de Pontevedra ten acordos firmados dentro do Programa Erasmus con 9 universidades de 6 países europeos, ofrecendo un total de 20 prazas de intercambio de estudantes.

UNIVERSIDADE DE DESTINO PAÍS Nº DE PRAZAS MESES

Universidade de Stavanger Noruega 1 5

University of Aberdeen Reino Unido 1 3

Universität Koblenz-Landau. Alemania 2 10

Université René Descartes-Paris Francia 1 6

Università degli Studi del Molise Italia 1 9

Università degli Studi del Molise Italia 1 10

Università degli Studi di Bologna Italia 1 9

Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro Portugal 2 6

Universidade do Porto Portugal 6 5

Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxías Portugal. 1 6

8.9.2 Sicue

8.9.2.1 ¿Cal é o obxectivo do programa?

O Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois (SICUE), pretende incrementa-la diversidade e a amplitude da oferta educativa no ensino superior, potencia-las facilidades para que unha parte dos estudos universitarios poidan seguirse en universidades distintas ás que o estudante estea matriculado, con recoñecemento inmediato no seu expediente académico dos créditos cursados, fomentar nas universidades a mobilidade dos estudantes, etc.; todo isto co obxectivo de mellora-la súa formación. Este sistema ten en conta o valor formativo do intercambio, ó facer posible que o estudante experimente sistemas docentes distintos, incluído o réxime de prácticas, así como os distintos aspectos sociais e culturais doutras Autonomías.

O intercambio de estudantes basearase na confianza entre as institución, a transparencia informativa, a reciprocidade e a flexibilidade.

8.9.2.2 ¿Quen pode beneficiarse?

Os alumnos matriculados en universidades públicas españolas que cursen estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de Grao. Tamén poderán ser beneficiarios os estudantes matriculados en universidades ou centros adscritos de ensino superior de titularidade sen ánimo de lucro.

8.9.2.3 ¿Onde e cando presenta-la documentación?

Os estudantes que reúnan os requisitos anteriormente citados e desexen participar no programa de mobilidade SICUE, deberán presentar na Secretaría do centro desta Universidade, a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude de mobilidade firmado polo
- Decano/Director e o Coordinador de Intercambios do centro
- de orixe (máximo 3 peticións por estudante)
- Memoria xustificativa da súa petición (máximo 2 folios)
- Fotocopia do expediente académico: facilitado na secretaría do
- centro
- Fotocopia da súa matrícula actual

Os impresos poderanse recoller na Secretaría do Decanato ou ben descargase da páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte:

<http://webs.uvigo.es/feduc/index.php?id=130,342,0,0,1,0>

8.9.2.4 Selección de candidatos

A selección de candidatos para participar no intercambio farase valorando os aspectos académicos e na xustificación e interese da proposta de mobilidade.

As solicitudes ordenaranse tendo en conta que cumpran os requisitos de intercambio SICUE -vistos anteriormente- Ós estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegada a petición sen entrar a valora-lo seu expediente académico.

A selección dos estudantes comprenderá dous apartados diferentes:

- a) Nota media de cualificación. A forma de calcula-la, detállase no impreso de solicitude.
- b) Memoria xustificativa (máximo 1 punto).

Para o cálculo da nota media teranse en conta as cualificacións obtidas ata setembro do último curso matriculado e ata decembro no caso de titulacións con convocatoria de decembro.

8.9.2.5 Concesión/Rexeitamento do Intercambio

Unha vez feita a selección, publicaranse as listas provisionais de intercambios concedidos e rexeitados antes do 18 de marzo. Nos rexeitamentos será obrigatorio publica-los motivos. Nas listas relacionaranse os estudantes por orde de puntuación dentro de cada Universidade e titulación.

A partir da publicación das listas provisionais, e en caso de rexeitamento da solicitude, o interesado poderá reclamar ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo máximo de 10 días naturais, cando concorran unicamente algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que se incorrera en erro por causa dunha interpretación equivocada dos documentos aportados ou da valoración do seu expediente académico.
- b) Que aparezan ou se aporten novos documentos de valor esencial para a resolución.
- c) Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

Unha vez resoltas as reclamacións, a Universidade publicará e comunicará á os interesados e á CRUE a resolución definitiva de mobilidade SICUE e ó tempo, publicaranse as listas de espera. No momento de comunicar ás Universidades a aceptación de mobilidade, se lles informará da posibilidade de solicitar unha beca SÉNECA ou similar nos termos que procedan, e se lles adxuntará o impreso correspondente.

8.9.2.6 Outras cuestión

- Os alumnos poderán cursar materias nas dúas Universidades, mentres dure o intercambio tendo en conta que na Universidade de orixe poderán cursar materias suspensas, virtuais, a distancia etc.

- O estudante terá a condición de alumno na Universidade de orixe, na que abonará os prezos públicos por servizos académicos.

- Poderanse cursar optativas do plan de estudos da Universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da Universidade de orixe, incorporándoas posteriormente ó expediente do alumno na Universidade de orixe como optativas ou como libre elección.

- Un mesmo beneficiario non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma Universidade, nin máis de un en cada curso académico.

- Poderase solicitar intercambio para primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo ou para un segundo ciclo que non sexa continuación directa do primeiro ciclo de orixe, sempre que cumpran os requisitos do intercambio SICUE.

8.9.2.7 Destinos SICUE da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

A Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte de Pontevedra teñen acordos dentro do programa SICUE de intercambio de estudantes con 7 facultades españolas, ofrecendo aos seus estudantes un total de 24 prazas de intercambio por ano académico dentro deste programa

UNIVERSIDADE DE DESTINO CENTRO PRAZAS MESES

Málaga Facultade de Ciencias de la Educación 10 9
Illas Baleares Facultade de Ciencias de la Educación 4 9
Extremadura Facultade de Ciencias del Deporte. Cáceres 2 9
Valencia Facultade de Ciencias de la Actividade Física y el Deporte 2 9
León Facultade de Ciencias de la Actividade Física y el Deporte 2 9
Las Palmas de Gran Canaria Facultade de Ciencias de la Actividade Física y el Deporte (Las Palmas)
2 9
País Vasco Instituto Vasco de Educación Física (Vitoria) 2 9

8.9.3 ISEP

ISEP (International Student Exchange Programme) é unha rede de máis de 200 universidades de todo o mundo, que ten por obxectivo facilita-la mobilidade física de estudantes de últimos anos e posgrao. Gracias a este programa, no que participan só sete universidades españolas, o custo aparelado ó desenvolvemento dun cuadrimestre ou dun ano académico completo nos EEUU queda reducido a preto dunha décima parte.

A través do ISEP, os estudantes de 2º ou 3º ciclo da Universidade de Vigo poden realizar nunha universidade americana un curso completo (Agosto-Maio) ou un semestre (Agosto-December ou Xneiro-Maio), elixindo entre máis de 130 universidades estadounidenses e unha ampla gama de programas de estudos. A Universidade de Vigo ten asignado un cupo de 15 prazas anuais ou 30 dun semestre.

Os estudantes indicarán na súa solicitude ata un máximo de 10 universidades estadounidenses nas que desexen cursar estudos, así como os cursos ou programas de estudos nos que soliciten matricularse.

Os candidatos admitidos terán aloxamento e manutención gratuítos, segundo o sistema de reciprocidade institucional, durante a súa estadía na universidade estadounidense e non aboarán taxas de matrícula na universidade receptora. Na solicitude, os candidatos indicarán se optan pola modalidade de pagamento ou de familia. A Universidade de Vigo recibirá igualmente un grupo de estudantes norteamericanos que cursarán parte dos seus estudos nos centros da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo e ISEP encárganse tamén da meirande parte dos trámites burocráticos (incluíndo o visado J-1) e facilitan a entrada do alumnado da Universidade de Vigo nas institucións estadounidenses.

Para máis información sobre o programa consulte na páxina web da universidade ou na páxina oficial do programa, <http://www.isep.org>; onde tamén atopar á un buscador das universidades de EEUU que participan en ISEP organizado por áreas de estudio.

8.10. Regulamento de Estudantes

A Universidade de Vigo desenvolve a súa actividade dentro do marco normativo establecido polos seus estatutos e os regulamentos que os foron concretando, tal e como o propio texto estatutario prevé na Disposición transitoria décimo sexta. Para cumprir o mandato estatutario e os acordos do Claustro, o presente regulamento, logo de definir o marco xeral de aplicación, recolle e desenvolve

os dereitos recoñecidos nos estatutos e no resto do ordenamento xurídico, facilitando así as condicións para a súa efectividade.

Ao mesmo tempo, recolle os deberes do estudiantado, baseados no respecto polos demais e na preservación das finalidades da institución universitaria.

TÍTULO I. MARCO XERAL DO REGULAMENTO E OS SEUS DESTINATARIOS/AS.

Artigo 1. Principios xerais.

1.- O Regulamento do estudiantado ten como finalidade desenvolver a normativa establecida ao respecto nas leis emanadas de diversos organismos internacionais, estatais, autonómicos e universitarios, nos temas relativos ao dereitos e deberes do alumnado.

2.- Como fundamento deste texto recoñécese a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como as disposicións posteriores que a amplían e complementan.

3.- En particular, asúmese o texto do decreto sobre dereitos e deberes válido para o alumnado de calquera nivel educativo, segundo se recolle na lexislación vixente.

4.- Como principio xeral, todo o estudiantado terá os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas das ensinanzas que estean a cursar, sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, lingua, capacidade económica, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, social e/ou política.

5.- Os dereitos e deberes exercitaranse de acordo cos fins propios da Universidade de Vigo e sen menoscabo dos dereitos dos demais membros da comunidade universitaria.

6.- Como norma xeral, e sen menoscabo de posteriores matizacións, a Universidade de Vigo velará porque as persoas con necesidades educativas especiais reciban atencións específicas acordadas coa súa demanda.

Artigo 2. Destinatarios/as.

1.- Para os efectos deste regulamento considéranse estudantes:

a. De primeiro e/ou segundo ciclo: aquelas persoas que estean matriculadas en cursos ou materias conducentes á obtención de titulacións oficiais de primeiro ou segundo ciclo.

b. De terceiro ciclo: aquelas persoas que estean a realizar os programas de doutoramento da Universidade de Vigo e tamén quen, nos tres anos seguintes ao remate dos programas, estean a realizar a tese de doutoramento con dedicación a tempo completo, acreditada polo departamento ou instituto, consonte os criterios fixados polos órganos de goberno da universidade.

c. A tódolos efectos, os estudantes que estean realizando o proxecto fin de carreira serán considerados como estudantes de primeiro ou, no seu caso, segundo ciclo.

2.- Os dereitos e deberes daquelas persoas que cursen estudos na Universidade de Vigo e non se atopen incluídos no apartado anterior serán regulados pola Xunta de Goberno.

TÍTULO II. DOS DEREITOS DO ESTUDANTADO.

Artigo 3. Dereitos básicos.

Establécense como dereitos básicos que desenvolve este regulamento os seguintes:

a) Recibir unha formación integral e unha docencia cualificada e actualizada, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos pedagóxicos e vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia.

- b) Ser avaliado/a obxectivamente no rendemento académico.
- c) Participar no control da calidade da docencia e na elaboración dos criterios xerais de avaliación desta, consonte os procedementos previstos polos órganos de goberno da universidade.
- d) Posuír a propiedade intelectual dos traballos orixinais artísticos, científicos ou técnicos que realice no marco da súa actividade discente.
- e) Recibir orientación educativa e profesional a través dos servizos correspondentes.
- f) Que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene e que sexa protexido polo réxime de aseguramento establecido legalmente.
- g) Beneficiarse das distintas axudas ou subvencións que a universidade estableza e que se establezan medidas de acción positiva que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- h) A confidencialidade daqueles datos persoais ou académicos legalmente protexidos.
- i) Formular peticións, reclamacións e/ou queixas.
- j) O uso do galego en todos os niveis e en todas as relacións coa universidade (realización de exames, traballos, prácticas e outros ámbitos, tal como recolle o art. 4º dos Estatutos da Universidade de Vigo).
- k) Recibir información permanente, mediante a difusión nos diferentes medios e soportes, sobre todas as cuestións que afecten á comunidade universitaria.
- l) Participar nos órganos de goberno da universidade.
- m) Organizar, promover e participar en actividades formativas, culturais, recreativas e a utilizar as instalacións e os servizos universitarios.
- n) Liberdade de asociación, sindicación, reunión, manifestación, folga e outros dereitos democráticos.
- o) Dispor de instalacións e medios materiais e económicos para permitir o normal desenvolvemento dos estudos e demais actividades de formación.

CAPÍTULO 1. DOS DEREITOS ACADÉMICOS

Sección 1ª. Dereito a recibir unha docencia de calidade e a unha avaliación xusta.

Artigo 4. Docencia de calidade.

O alumnado da Universidade de Vigo ten dereito a recibir unha formación integral e unha docencia cualificada e actualizada, así como a acceder aos diversos recursos bibliográficos, metodolóxicos e pedagóxicos de que se dispoña para ampliar a súa formación.

Artigo 5. Dereito ao ensino.

Terán dereito ao ensino universitario na Universidade de Vigo aqueles que cumpran os requisitos legais que establezan as disposicións vixentes e superen os procedementos de selección que poidan establecerse en aplicación do disposto no art. 26.1 da LRU.

Artigo 6. O acceso aos centros universitarios.

O acceso aos centros universitarios e aos seus diversos ciclos de ensino estará condicionado pola capacidade daqueles, que será determinada pola Universidade de Vigo, dacordo cos módulos obxectivos establecidos polo Consello de Universidades.

Para o ingreso nos centros universitarios nos que a demanda de prazas sexa superior á súa capacidade establecida, de acordo cos módulos aos que se fai referencia no apartado anterior, a Universidade de Vigo ordenará as solicitudes e adxudicará as prazas dispoñibles respectando as prioridades e en aplicación dos criterios de valoración que se establecen no RD 69/2000 do 21 de xaneiro polo que se regulan os procedementos para o ingreso nos centros universitarios.

Artigo 7. Aspirantes á matrícula.

Cando, como consecuencia do establecemento dos "currículos" flexibles, o número de aspirantes a matricularse nunha disciplina supere ao de prazas dispoñibles, con risco de claro deterioro da calidade do ensino en razón da escaseza de medios humanos e materiais, a Xunta de Goberno, de acordo co establecido no art. 26 da LRU, e a proposta do centro afectado, establecerá os criterios de selección para o efecto, informando posteriormente ao Claustro da universidade.

Artigo 8. Permanencia na universidade.

O Consello Social, por proposta da Xunta de Goberno e logo da audiencia dos representantes estudiantís no Claustro, determinará os requisitos mínimos esixibles para a permanencia dos estudantes na universidade.

Artigo 9. Dereito a recibir ensinanzas teóricas e prácticas.

É dereito dos estudantes a asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia. Antes de comezar cada curso académico, todos os departamentos teñen a obriga de entregaren na secretaría do centro onde van impartir a súa docencia, os programas das materias que impartan, facendo referencia:

- a) á bibliografía necesaria para seguir as ensinanzas, así como á bibliografía complementaria.
- b) á forma de desenvolver a docencia.
- c) á metodoloxía e aos procedementos de avaliación do alumnado.
- d) ó número de exames ou probas parciais, así como ao tipo de exames ou probas.
- e) ás normas para a realización do exame.
- f) ó número de horas teóricas e prácticas.
- g) ó profesorado que vai impartir a docencia.
- h) ó lugar e ao horario das titorías.
- i) a calquera información que se considere necesaria.

Os centros farán o necesario para a publicación de balde dos programas; de isto non ser posible, os programas estarán a disposición dos estudantes nas fotocopiadoras de cada centro pero nunca en establecementos alleos á universidade.

Antes do comezo do proceso de matrícula, faranse públicos os horarios por curso e grupo, co obxecto de que sexan compatibles ao longo do curso, non podendo ser modificados senón por causa de forza maior mediando a aprobación da Xunta de Centro. Asemade, esta causa poderá fundamentar a petición de cambio de grupo.

Os horarios de clases e de exames serán fixados por unha comisión delegada da Xunta de Centro atendendo aos intereses de profesores/as e estudantes.

Co fin de garantir a asistencia á clase, a Xunta de Centro poderá conceder o cambio de grupo a aqueles estudantes que xustifiquen axeitadamente a imposibilidade de asistir ás actividades do grupo que lles fose asignado.

Artigo 10. Simultaneidade de estudos.

Os estudantes que desexen iniciar estudos universitarios de xeito simultáneo con outros xa iniciados, poderán ser admitidos se existisen prazas vacantes e se cumprisen os requisitos establecidos na normativa de ordenación académica.

Artigo 11. Dereito á avaliación xusta.

Os estudantes teñen dereito a seren avaliados dos seus coñecementos con criterios razoables e xustos. Ademais da función avaliadora da formación acadada polo alumno/a, as probas de avaliación tenderán a cumprir unha función docente de crítica e de mellora. Por iso, de se tratar de probas escritas os alumnos/as terán pleno acceso ao estudo do seu exame corrixido.

Os procedementos de cualificación deberán consistir nalgún ou en varios destes puntos:

- Participación activa e individualizada nas actividades teóricas, seminarios, traballos levados a cabo ou prácticas programadas.
- Exames parciais que, de existiren, poderán ter carácter liberatorio.
- Exames finais.
- Outros medios obxectivos de avaliación da actividade académica.

